

Reunido o día 5 de febreiro de 2024 o tribunal do proceso selectivo para o acceso á escala de xestión, subgrupo A2, pola quenda de promoción interna, convocado por resolución reitoral do 11 de maio de 2023 («DOG» núm. 102, do 31/05/2023), de cara a realización da primeira proba do segundo exercicio, que terá lugar o **sábado, 24 de febreiro de 2024, ás 11:00 horas, na «Aula 1.2» e na «Aula de Informática» da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais**, Avenida do Doutor Ángel Jorge Echeverri, s/n, Campus Sur, Santiago de Compostela.

ACORDOU publicar as seguintes **INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE CORRECCIÓN**:

- As persoas aspirantes deberán ir provistos do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.
- As persoas aspirantes serán convocadas en único chamamento ás **11:00 horas** e serán excluídas da oposición as que non comparezan. As persoas aspirantes dividiranse nas dúas aulas arriba referenciadas da seguinte maneira:
 - Na «Aula 1.2», situada na planta 1 da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, de **VALLEDOR NÚÑEZ, RAQUEL** ata **MATO GÓMEZ, MARÍA JOSÉ** (ambas inclusive).
 - Na «Aula de Informática», situada na planta 2 da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, de **MENDOZA FERNÁNDEZ, MARÍA** ata **DE LA TORRE MÍGUEZ, JOSÉ DANIEL** (ambos inclusive).

En calquera caso, e para estes efectos, o día da proba recolleranse as indicacións oportunas nun lugar visible na entrada da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais.

- Segundo o sinalado na base 6.1 da convocatoria a orde de chamamento das persoas aspirantes iniciárase pola primeira da letra «V» na «Aula 1.2». Finalizado o chamamento na mesma, comezará o chamamento na «Aula de Informática».
- Non se permitirá o acceso ás aulas nas que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento do que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio, a excepción do propio material lexislativo, en soporte papel, ao que se fai mención máis adiante. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
- A proba realizarase integramente nun ordenador sen conexión a internet.
- As persoas aspirantes poderán levar e utilizar o seu propio material lexislativo, sen comentar e en soporte papel, que consideren necesario, pero sen que en ningún caso poida levarse material de elaboración propia. Se entende por «material de elaboración propia» calquera outro material que sexa elaborado polas persoas aspirantes diferente da normativa que poida extraerse do «BOE», do «DOG», ou de calquera outro diario oficial, ou diferente de códigos lexislativos (non comentados), ou diferente da normativa dispoñible no portal web da USC. Poderá consultarse, indistintamente, o propio material lexislativo ou o facilitado polo tribunal.
- A proba consistirá na simulación dun caso práctico, e para a súa resolución a persoa aspirante deberá elaborar un informe técnico, unha resolución ou un documento similar, ou ben realizar un comentario analítico dun texto que describa unha determinada actuación administrativa, e que

versará sobre o bloque de coñecementos transversais do programa especificados no Anexo II da convocatoria.

- As persoas aspirantes, unha vez colocados na aula, disporán dun sobre pechado, en cuxo interior atoparán o enunciado da proba que terán que resolver. Excluirase do exercicio a quen abra o sobre co enunciado da proba antes de que o tribunal o autorice.
- Xunto co sobre, porase a disposición dos aspirantes unha *folia de instrucións* na que se lle indicará:
 - a) O usuario e contrasinal para desbloquear o equipo informático.
 - b) Unhas breves indicacións relativas ao cambio de idioma do procesador de textos para que as persoas aspirantes que o desexen poidan cambialo a castelán (por defecto, o procesador de textos estará en galego).
 - c) Unhas breves indicacións para gardar a folia do exame en formato PDF unha vez finalizado o tempo de realización do exercicio.
- Entregarase aos aspirantes un dispositivo USB que conterá o documento en formato Word, previamente configurado para a realización do exame, e un cartafol que conterá en formato PDF a normativa necesaria para a realización da proba. Así mesmo, o dito documento e o dito cartafol estarán dispoñibles no escritorio do equipo informático.
- Finalizado o tempo de realización do exercicio, os aspirantes deberán gardar a folia do exame en formato PDF e gardala no dispositivo USB, co obxecto de proceder á súa impresión acompañado por un membro do tribunal ou dun colaborador ou colaboradora do mesmo. Excluirase do exercicio a quen continúe escribindo unha vez que o tribunal indique o remate do tempo concedido para a realización do exercicio
- Impreso o exame, o PDF e a folia separada na que se identifique ás persoas aspirantes e que será facilitada polo tribunal, serán depositados en sobres separados para garantir o anonimato do exercicio. A folia do exame non poderá conter ningún tipo de identificación da persoa aspirante.
- Para realizar esta proba disporase de 150 minutos, cualificarase de 0 a 30 puntos e para superala cómpre acadar 15 puntos como mínimo. O tribunal valorará a calidade da redacción, a capacidade analítica e a calidade técnica do documento elaborado pola persoa aspirante, desagregado da forma seguinte:
 - a) Calidade da redacción: valorarase a capacidade de síntese, a claridade, estrutura e orde na exposición das ideas e o emprego correcto da linguaxe. A puntuación máxima que poderá acadarse será o 25 por cento da puntuación total desta proba.
 - b) Capacidade analítica e a calidade técnica do documento elaborado pola persoa aspirante: valorarase a aplicación dos coñecementos á correcta identificación, contextualización e solución da situación ou problema proposto no enunciado. A puntuación máxima que poderá acadarse neste apartado será o 75 por cento da puntuación total desta proba.
- Só aquelas persoas aspirantes que a superen serán convocadas á segunda proba.

- O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio para quen o precise. Poderá solicitarse despois da realización do exercicio enviando un correo electrónico ao secretario do tribunal (felix.navaza.aller@usc.es).

Consonte coa base 7.2 da convocatoria, as persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal.

O presente acordo publicárase no taboleiro electrónico da USC (dispoñible na ligazón seguinte: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) na web de convocatorias de probas selectivas de PAS (<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oep/listado>).

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2024.

O secretario do tribunal
Félix Navaza Aller

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: FELIX NAVAZA ALLER, NIF ***9602**, 05/02/2024 14:54:14.

CSV: 0A55-0ED3-404A-9555